

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

*EXTRACTO da Resolución do 28 de decembro de 2018 para a concesión, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020.*

BDNS (Identif.): 436829.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Todos os concellos de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Regular o procedemento de concesión das axudas tramitadas ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020, dirixidas ao fomento de actuacións de ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais dos concellos de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 28 de decembro de 2018 para a concesión, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020.

Cuarto. *Contía*

A contía global da convocatoria é de 15.998.687 €, distribuída en dúas anualidades:

2019: 7.999.343,50 €.

2020: 7.999.343,50 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para presentar as solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no DOG da Resolución do 28 de decembro de 2018 para a conce-



sión, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Sexto. *Outros datos*

A concesión de axudas tramitarase en réxime de concesión directa, ao abeiro do artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 36.1.c) e 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A porcentaxe de axuda calcularase sobre o importe dos gastos subvencionables ata o límite do importe asignado a cada concello.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

Miguel Ángel Pérez Dubois  
Director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

